

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 16 DE FEBREIRO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada provincial EP-2001 Calvario- A Garrida, treito Igrexa de Beade- A Garrida (PO-330), lugar de Porto entre o Regato Quintián e o nº 77, a prol do Concello de Vigo.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do protocolo de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para a colaboración na realización de probas selectivas nos corpos da Policía local de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a superación da porcentaxe e a exención de constitución de garantías nos pagamentos anticipados derivados da convocatoria para o exercicio 2017 das axudas destinadas á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (Galicia Rural Emprende), por un importe total de dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga (Alborada), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos relacionados con dependencias non alcohólicas, por un importe dun millón douscentos noventa e un mil setecentos sesenta e tres euros (1.291.763€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias (Asfedro), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos relacionados con dependencias non alcohólicas, por un importe de oitocentos tres mil oitocentos corenta euros (803.840,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña (ACLAD), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos relacionados con dependencias non alcohólicas, por un importe dun millón catrocentos cincuenta mil seiscientos catorce euros (1.450.614€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cruz Vermella de Lugo, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos relacionados con dependencias non alcohólicas, por un importe de cincocentos corenta e catro mil novecentos vinte e seis euros (544.926€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Monte do Gozo, para o desenvolvemento do programa terapéutico educativo Proxecto Home de atención e rehabilitación de drogodependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, e do programa tratamento e rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, da dependencia alcohólica, por un importe de oitocentos dezanove mil cincocentos cincuenta e oito euros (819.558€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Exalcohólicos de Ferrolterra, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos de dependencia relacionados co alcohol, tabaco, xogo e outras dependencias sen substancia, por un importe de noventa e cinco mil catrocentos oitenta e cinco euros (95.485€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Unidade de Tratamento do Alcol e Condutas Adictivas (Utaca) Luís Miguel Morás da Coruña, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos de dependencia relacionados co alcohol, tabaco, xogo e outras dependencias sen substancia, por un importe de cento setenta mil setenta e tres euros (170.073€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación As Burgas para el Tratamiento y Rehabilitación del Enfermo Alcohólico, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos de dependencia relacionados co alcohol, tabaco, xogo e outras dependencias sen substancia, por un importe de cento corenta e oito mil cincocentos dous euros (148.502€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Viguesa de Alcohología (Asvidal), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos de dependencia relacionados co alcohol, tabaco, xogo e outras dependencias sen substancia, por un importe de cento setenta e cinco mil trescentos oitenta e tres euros (175.383€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a evolución do período medio de pagamento a provedores en 2016 e o plan 'Pago 10 días'.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Informe sobre o Programa de limpeza de puntos de vertido incontrolados (PVI): balance 2009-2016.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o Programa de formación e emprendemento no rural.
- Informe sobre a orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas á renovación total ou parcial de ascensores existentes pertencentes a comunidades de propietarios de edificios de vivendas en réxime de propiedade horizontal radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia (Plan Renove de ascensores), e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (Código do procedemento IN532A).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a posta en funcionamento do segundo acelerador lineal do Hospital Lucus Augusti (HULA).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o programa Erasmus+: Xuventude en acción. Análise dos resultados da anualidade 2016.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o balance de tráfico portuarios 2016

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE VIGO DA ESTRADA DO PORTO, ENTRE AS PROXIMIDADES DO CRUZAMENTO CARA A ESTRADA DA VENDA ATA O REGO QUINTIÁN

- *O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio para o cambio de titularidade deste tramo que foi autorizado pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda*
- *O tramo é urbano e ambas as administracións consideran que debe ser transferido ao Concello de Vigo e adaptado na súa sección transversal para acadar unha sección de 12 metros*
- *Corresponderanlle ao Concello de Vigo, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías*

O Consello da Xunta autoriza a transferencia a prol do Concello de Vigo da estrada do Porto, entre as proximidades do cruzamento coa estrada da Venda e o rego Quintián.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio para o cambio de titularidade da estrada EP-2001 Calvario – A Garrida, no treito igrexa de Beade – A Garrida (PO-330), no lugar de Porto, dende o número 77 (próximo á intersección coa estrada da Venda) ata o regato Quintián.

O tramo é urbano e ambas as administracións consideran que debe ser transferido ao Concello de Vigo e adaptado na súa sección transversal para acadar unha sección de 12 metros. Para iso, o convenio prevé ademais a humanización do treito da estrada, de aproximadamente 1,2 km de lonxitude.

A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes das entidades locais, logo do acordo das administracións afectadas. Os cambios de titularidade deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia.

Corresponderanlle ao Concello de Vigo, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías.

XUNTA E FEGAMP COLABORARÁN NA REALIZACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS DOS CORPOS DA POLICÍA LOCAL DE GALICIA

- *O obxectivo é favorecer a calidade dos procesos selectivos, asegurar a cobertura de prazas e acadar unha Policía local cada vez máis especializada*
- *Trátase dun paso máis dentro da aposta da Xunta pola colaboración entre administracións e a suma de esforzos para ser máis eficientes e garantir o mantemento da calidade na prestación de servizos públicos aos galegos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo que autoriza a sinatura do protocolo de colaboración entre a Vicepresidencia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a colaboración na realización das probas selectivas nos corpos da Policía local de Galicia, co obxectivo de centralizar as procesos selectivos na Academia Galega de Seguridade Pública.

Trátase dun acordo marco xeral de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para contribuír á realización e ao desenvolvemento das probas selectivas de acceso os corpos da Policía local de Galicia a aqueles concellos que voluntariamente o desexen, xunto coa colaboración nas probas de selección para o seu ascenso e a súa promoción.

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 32 dúas situacións: unha primeira, na cal os concellos poderán solicitar á consellería competente en materia de seguridade a colaboración na realización das probas de selección para o ingreso, ascenso ou promoción aos corpos de Policía local na forma que regulamentariamente se estableza; e, outra, na que a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, se é o seu caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración.

En definitiva, trátase dun paso máis dentro da aposta da Xunta pola colaboración entre administracións e a suma de esforzos para ser máis eficientes e garantir o mantemento da calidade na prestación de servizos públicos aos galegos. Con este protocolo o que se pretende é favorecer a calidade dos procesos selectivos, asegurar a cobertura das prazas solicitadas e, en definitiva, acadar unha Policía local cada vez máis profesional e competitiva que garde os dereitos dos cidadáns o máis profesionalmente posible.

Segundo recolle o texto, a Xunta comprométese ao necesario desenvolvemento regulamentario no prazo máximo de seis meses contados desde a sinatura deste protocolo. Pola súa banda, a Fegamp comprométese á difusión do protocolo entre todos os concellos con corpo de Policía local.

O SERGAS DESTINA 5,5 MILLÓNS DE EUROS A AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE CARÁCTER SOCIOSANITARIO

O Consello da Xunta acaba de aprobar axudas concedidas polo Servizo Galego de Saúde, por un importe de 5.500.144 euros, a distintas asociacións sen ánimo de lucro para a asistencia de pacientes con trastornos relacionados con dependencias non alcohólicas, con dependencias alcohólicas, así como para a atención á saúde mental infanto xuvenil.

En concreto, destínanse 4.091.143 euros a convenios de colaboración entre o Sergas e as seguintes entidades: Asociación de Loita contra a Droga Alborada; Asociación de Loita contra a Droga da Coruña (ACLAD); Asociación de Drogodependencias Asfedro; e a Asociación Cruz Vermella de Lugo. O obxecto destas axudas é o desenvolvemento, por parte das anteditas asociacións, de programas de intervención de asistencia sanitaria especializada e a atención, desde un enfoque biopsicosocial, a persoas con trastornos adictivos relacionados con dependencias non alcohólicas, atendendo a criterios, guías e procedementos establecidos polo Sergas.

Complementariamente, e cunha periodicidade anual, subscríbese, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), un convenio de colaboración para o financiamento do resto de unidades asistenciais para drogodependencias na nosa comunidade.

No desenvolvemento destes programas, as respectivas asociacións atenderán toda a demanda que se xere respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

A prestación sanitaria axustarase ao disposto pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, no tocante á atención especializada, e comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais.

A prestación destes servizos levarase a cabo por parte dos profesionais que integran o equipo asistencial nos diferentes dispositivos das asociacións.

Estas asociacións, por mor dos seus respectivos convenios asinados coa Administración sanitaria, comprométense a cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación establecidas polo Sergas e a realizar os rexistros necesarios do historial do paciente de acordo coas instrucións da Administración sanitaria galega.

Dependencias do alcohol, tabaco e o xogo

Para a atención ás dependencias relacionadas co alcohol, tabaco, xogo e outras dependencias sen substancia, o Servizo Galego de Saúde destina un total de 1,4 millóns de euros, que se artellan mediante convenios de colaboración coas seguintes asociacións: Fundación Monte do Gozo; Asociación Exalcohólicos Luis Miguel Morás da Coruña; Asociación As Burgas; Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra e Asociación Viguesa de Alcoholoxía (Asvidal).

A XUNTA BAIXARÁ A 10 DÍAS O PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES E IMPULSARÁ A FACTURACIÓN ELECTRÓNICA, QUE XA É O 80% DO TOTAL

- *Galicia é a terceira comunidade que mellor paga, pero a Xunta quere axilizar aínda máis os pagamentos para beneficiar aos seus 17.600 provedores*
- *A Xunta en 2016 pagou 609.000 facturas por máis de 3.000 millóns de euros, polo que é a maior prestadora de servizos de Galicia*
- *A utilización da facturación electrónica medrou un 111% o pasado ano*
- *A través do 'Pago 10', o Goberno galego márcase como obxectivo baixar o tempo medio de pagamento á metade*
- *Para logralo, a Xunta axilizará a tramitación interna das facturas, introducirá un sistema de alertas e simplificará os informes de seguimento*

Preto do 80% das facturas que paga a Xunta de Galicia son facturas electrónicas, un sistema no cal Galicia vén sendo pioneira no conxunto de España desde o ano 2010. O Goberno galego aspira a seguir mellorando este proceso nos vindeiros anos, co obxectivo de reducir o período medio de pagamento ao redor dos 10 días e consolidarse entre as comunidades que mellor atenden os seus provedores, segundo consta nun informe presentado hoxe no Consello polo conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez.

Na actualidade, Galicia é a terceira comunidade de réxime común que paga con máis axilidade aos seus provedores e o período medio de pagamento no ano 2016 baixou aos 21 días. Isto permite atender con normalidade aos 17.600 provedores da Administración autonómica, que o ano pasado pagou máis de 609.000 facturas por un importe de 3.054 millóns de euros. Esta cifra sitúa a Xunta na maior prestadora de servizos da Comunidade Autónoma.

Galicia foi pioneira na modernización do sistema de facturación a través da implantación da facturación electrónica. Este sistema, que evita que o provedor teña que enviar a factura por papel, serviu para reducir notablemente o período de tramitación ao mesmo tempo que dota de maior información e seguridade a todo o proceso, dende que a Administración recibe a factura ata que se realiza o pagamento.

En 2016, o 78% das facturas que pagou a Xunta de Galicia –un total de 475.694– correspóndense a facturas electrónicas. Isto supón un crecemento do 111% respecto ao ano anterior, no que as facturas electrónicas foran 225.750. Estes datos confirman ademais que a utilización do formato papel na facturación que recibe e tramita a Administración galega é cada vez menor.

De feito, os provedores da Xunta que están rexistrados no sistema de facturación electrónica multiplicouse por 8 desde o ano 2010, pasou dos 2.196 aos 17.618 actuais. Só no último ano este incremento foi de case o 30%.

Máis axilidade: o 'Pago 10'

Galicia mantense entre as comunidades que mellor pagan aos seus provedores, pero o Goberno galego quere seguir reducindo o seu tempo medio de pagamento. Para iso, porá en marcha o 'Pago 10' co obxectivo de reducir o período medio de pagamento aos 10 días, a metade que na actualidade.

Mellorar os tempos de pagamento beneficiará os provedores da Administración xa que por exemplo permitirá reducir as cargas financeiras das empresas e autónomos que prestan servizo á Xunta de Galicia.

Para iso, a Administración autonómica introducirá melloras no sistema como a axilización da tramitación interna das facturas, a posta en marcha dun sistema de alertas, o rexeitamento inmediato das facturas incorrectas ou a simplificación dos informes de seguimento.

A XUNTA INVESTIU MÁIS DE 4 MILLÓNS DE EUROS EN ERRADICAR 626 PUNTOS DE VERTEDEURA INCONTROLADA ENTRE OS ANOS 2009 E 2016

- *O Consello da Xunta foi informado hoxe do balance de actuacións realizadas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a eliminación e restauración ambiental dos espazos degradados pola acumulación de residuos*
- *A previsión é que nos vindeiros dous anos se clausuren arredor de 250 PVI máis en 35 concellos, para o que se contará cun orzamento de 1,5 millóns de euros*
- *Dende o ano 2009, o Goberno galego vén prestando apoio ás entidades locais ante o elevado número de puntos de vertedura incontrolados que foron aparecendo e as dificultades dos concellos de asumir o investimento necesario para erradicalos*

O Goberno da Xunta de Galicia investiu un total de 4,3 millóns de euros para a eliminación de 626 puntos de vertedura incontrolados (PVI) detectados en Galicia entre os anos 2009 e 2016. O Consello da Xunta analizou hoxe, na súa reunión semanal, o balance de actuacións impulsadas desde a Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a limpeza destes espazos degradados e a súa recuperación ambiental.

Por provincias, a Xunta erradicou 243 puntos de vertedura en Ourense, para o cal se destinou un total de 1,8 millóns de euros; en Pontevedra o investimento ascendeu a 1,2 millóns de euros e elimináronse un total de 233; na provincia da Coruña actuouse sobre 111 puntos de vertedura por un importe de case un millón de euros; e, por último, en Lugo foron 39 as zonas clausuradas e 240.000 euros mobilizados.

En total, o Goberno galego investiu 4,3 millóns de euros neste tipo de actuacións destinadas, por unha banda, á recollida e tratamento dos residuos –fundamentalmente de carácter urbano e doméstico- almacenados de forma incontrolada en espazos naturais de titularidade pública e, pola outra, á reparación do dano ecolóxico provocado.

A loita contra a contaminación e a rexeneración ambiental dos espazos degradados manterase nos 2 próximos anos. Por iso, o Goberno da Xunta investirá 1,5 millóns de euros para continuar co apoio ás entidades locais na erradicación e restauración dos espazos degradados.

Con estes fondos, as previsións que manexa a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para os exercicios 2017 e 2018 é chegar a erradicar arredor de 250 PVI en 35 concellos de Galicia. Esta estimación, no entanto, dependerá do número de solicitudes recibidas así como do importe de cada actuación, que pode variar significativamente en función de factores como o volume de residuos

acumulados, as características particulares do punto de vertedura ou a súa localización, entre outros.

Ben que a competencia sobre a retirada dos residuos acumulados de forma incontrolada é dos concellos, desde o ano 2009 a Xunta de Galicia vén apoiando ás entidades locais na restauración ambiental destes espazos danados debido á súa proliferación e ás dificultades dos concellos para asumir o investimento necesario para acometer os traballos.

Estas actuacións iniciáronse co Plan xeral de adecuación, selaxe e clausura de vertedoiros en Galicia 1998-2006 e teñen continuidade ao abeiro do Plan de xestión de residuos urbanos 2010-2020. Ademais, esta iniciativa responde á necesidade de planificación autonómica en materia de xestión dos residuos urbanos ou domésticos co obxectivo de concienciar á poboación sobre o prexuízo que carrexan este tipo de prácticas.

A XUNTA IMPULSA CON 30 MILLÓNS UN PROGRAMA DE FORMACIÓN E EMPRENDIMENTO ESPECÍFICO PARA O RURAL PARA CHEGAR A 13.000 PERSOAS

- *Os obxectivos son fixar poboación no rural incrementando a oferta formativa adaptada á demanda das empresas, incentivando a contratación, aumentando os niveis de emprendemento e consolidando o tecido industrial*
- *Galicia Emprende Rural, unha nova liña de axudas que xa activa o lgape con contías máximas de ata 70.000 euros, promoverá a diversificación e a creación de novas empresas fóra do ámbito agrícola*
- *Crearanse os laboratorios cooperativos no rural para identificar as oportunidades de negocio para a creación de cooperativas*
- *Os incentivos á contratación, cun orzamento de 1,7 millóns, aumentarán nun 25% para as empresas no rural e impulsarase o contrato de formación e aprendizaxe*
- *Potenciarase a formación en industrias forestais e coa Formación á Porta levaranse ata os concellos que non conten con centros homologados as actuacións necesarias para obter certificados de profesionalidade*
- *Deseñaranse cun orzamento de 12,5 millóns un total de 70 obradoiros de emprego centrados na actividade rural e con contidos para cada zona*
- *O plan enmárcase na Axenda 20 coa que o Goberno galego está impulsando a posta en marcha de 80.000 novos empregos nos próximos 4 anos*

A Xunta porá en marcha este ano, cun investimento de máis de 30 millóns de euros, o Programa de formación e emprendemento no rural, unha iniciativa novidosa que ten como obxectivo fixar poboación nas zonas menos poboadas de Galicia e aumentar as oportunidades laborais dos seus habitantes. A iniciativa do Goberno galego, da que se informou hoxe no Consello da Xunta, e que xa se activa con 2,5 millóns de euros de axudas do programa Galicia Emprende Rural, inclúe 10 medidas coas cales se pretende beneficiar a 13.000 persoas.

O medio rural de Galicia está constituído por concellos que agrupan arredor do 27% da poboación, polo que presenta unha gran oportunidade para a mellora da cualificación e competitividade en sectores específicos. Na Comunidade existen 241 concellos declarados como zonas pouco poboadas.

A finalidade desta actuación é, deste xeito, incrementar a oferta formativa adaptada á demanda das empresas, incentivar a contratación, aumentar os niveis de emprendemento e fixar o tecido industrial. O novo programa inclúe, para iso, dous eixos: formación e apoio ao emprendemento.

Para impulsar o emprendemento no rural actívanse 5 medidas. O programa Galicia Emprende Rural é unha nova actuación do lgape dotada con 2,5 millóns de euros que

xa se activa para promover a diversificación e creación de novas empresas non agrícolas no rural.

Do que se trata é de fomentar a creación de emprego mediante axudas á primeira implantación e o desenvolvemento de novas actividades económicas non agrarias viables. Os destinatarios serán os agricultores ou membros dunha unidade familiar dunha explotación que diversifiquen as súas actividades en ámbitos non agrarios, pemes de nova creación ou que inicien actividades non levadas a cabo antes e autónomos. As axudas inclúen unha contía básica de 20.000 euros, que poderá incrementarse ata un máximo de 70.000. Ademais, concederáse un anticipo do 60% da axuda.

A creación de 6 laboratorios cooperativos no rural é tamén unha medida innovadora cos que se pretende, coa colaboración da Rede de técnicos de Galicia, identificar oportunidades de negocio para a creación de cooperativas e incentivar a súa posta en marcha.

Máis incentivos para empresas do rural

Outras das accións previstas neste eixo son, cun orzamento de 1,7 millóns, a mellora dos incentivos á contratación, dándolles unha intensidade maior, dun 25%, para as empresas do rural, ao mesmo tempo que se impulsará o contrato para a formación e a aprendizaxe en compañías desta zona a través do deseño de itinerarios á carta das empresas.

Potenciaranse, ademais, con 3,8 millóns, os centros de cotraballo (*coworking*) no rural para favorecer o emprendemento a través da interacción nun mesmo espazo de profesionais independentes, emprendedores e pemes de diferentes sectores, e reforzaranse as axudas dirixidas aos concellos para a creación de espazos de emprendemento activos de comercio. Priorizaranse en todas as liñas de apoios de carácter comercial os proxectos no rural.

Industrias forestais e Formación á porta

Para a mellora da empregabilidade inclúense outras 5 medidas. A formación en industrias forestais, un novo plan dotado con 2,3 millóns aumentará a oferta formativa en forestal, carpintería e madeira nos centros de formación profesional de economía, emprego e industria; consolidará o Centro Integrado de Formación do Pedroso, en Santiago de Compostela, como centro de referencia na área forestal; potenciar o CIS Madeira da Axencia Galega de Innovación (Gain) como un espazo de formación para as empresas e técnicos das industrias forestais e promoverá o Centro de Investigación Agroforestal de Lourizán en materia de investigación. Prevense formar ao ano 350 persoas.

Este plan inclúe formación para empresas deste sector en innovación, novas tecnoloxías e Industria 4.0; formación profesional para o fomento da implantación de unidades de formación a empresas; e impulso da formación profesional dual.

A Formación á Porta, dotada con 1 millón de euros, é outra actuación pioneira con que se levarán ata os concellos que non contan con centros homologados as actuacións necesarias para obter os certificados de profesionalidade centrados nas oportunidades de colocación desas zonas. Preténdese tamén facilitar o acceso aos cursos de maior inserción.

Reforzaranse tamén as aceleradoras de emprego, con 2 millóns, priorizando aos concellos que contan con menos recursos, e deseñaranse programas integrados adaptados ás necesidades da zona. Así mesmo, investiranse 12,5 millóns de euros na posta en marcha de 70 obradoiros de emprego centrados no rural e cos que se prevé beneficiar a 1.400 persoas. Por último, impulsaranse os servizos de intermediación laboral con reforzo da Rede de Orientadores de Emprego no Rural, a modernización das 36 oficinas de emprego do rural e, asemade, cada concello do rural disporá dun orientador propio.

En definitiva, o que se pretende con esta nova iniciativa do Goberno galego é poñer en marcha 6 laboratorios cooperativos no rural, formar a 350 persoas desempregadas en industrias forestais, a creación de máis de 600 novos emprendedores e que a Formación á Porta chegue aos 140 concellos potencialmente beneficiarios.

Este programa, para o que se destina un 20% máis de orzamento, enmárcase na Axenda 20 con que o Goberno galego está a impulsar a posta en marcha de 80.000 novos empregos nos próximos 4 anos.

A XUNTA ACTIVA O PLAN RENOVE DE ASCENSORES PARA MELLORAR A CALIDADE DE VIDA E A EFICIENCIA ENERXÉTICA EN 1.200 FOGARES GALEGOS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria informa no Consello da Xunta sobre esta nova convocatoria de axudas, que mobilizará 1,7 millóns de euros, e contribuirá a dotar os edificios de elevadores máis modernos e seguros*
- *A iniciativa enmárcase dentro do Plan de vivenda 2017 para o que a Xunta destina 8,7 millóns, un 10% máis que o ano pasado*
- *A contía máxima das axudas será do 50% do custo da obra, cun límite de 10.000 euros por ascensor e de 20.000 por comunidade de propietarios*
- *A convocatoria abrirase nos próximos días tras a súa publicación no DOG e as axudas concederanse por orde de presentación aos solicitantes que cumpran os requisitos*
- *A través das dúas edicións anteriores do Plan Renove de ascensores, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas aprobou máis de 240 proxectos, o que permitiu mobilizar 6,6 millóns de euros*

A Xunta continúa co seu compromiso de impulsar a eficiencia enerxética e a calidade de vida das familias galegas. No marco da terceira edición do Plan de vivenda, a Consellería de Economía, Emprego e Industria activa unha nova convocatoria das axudas para a renovación de ascensores nas comunidades de propietarios de Galicia, o que tamén repercutirá na mellora da seguridade e da accesibilidade ás vivendas. A través desta convocatoria, a previsión é chegar a 1.200 fogares e mobilizar, inicialmente, ao redor de 1,7 millóns de euros no sector.

As axudas diríxense a comunidades de propietarios de edificios de vivendas en réxime de propiedade horizontal en Galicia. Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, a convocatoria arranca cun orzamento de 700.000 euros e o prazo para presentar as solicitudes para esta orde de axudas abrirase nos próximos días durante un período de tres meses tras a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). A convocatoria será por concorrencia non competitiva, polo que as axudas se outorgarán por orde de presentación ata esgotar o crédito a todo solicitante que cumpra os requisitos.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, mantén as contías das axudas que estaban fixadas na anterior convocatoria deste programa de renovación de ascensores, que pode chegar ata o 50% do custo do proxecto. A subvención poderá alcanzar os 10.000 euros por ascensor e os 20.000 por comunidade, cun importe mínimo do gasto de 5.000 euros. A data límite para xustificar a execución das obras será ata o próximo 15 de novembro.

Nas dúas convocatorias anteriores aprobouse a concesión de axudas para 241 solicitudes, o que supuxo entre 2015 e 2016 a mobilización de máis de 6,6 millóns para o tecido empresarial relacionado con este sector.

O Plan Renove de ascensores enmárcase dentro do Plan de vivenda 2017, que está a desenvolver a Consellería de Economía, Emprego e Industria para favorecer o aforro e a eficiencia enerxética nos fogares galegos. Deste xeito, as familias poden aforrar custos na factura enerxética, ademais de mellorar a súa calidade de vida, potenciar o uso de enerxías renovables autóctonas e diminuír as emisións de CO₂. No caso concreto do Plan Renove de ascensores, a segunda iniciativa que se impulsa este ano tras activarse o programa para a renovación de fiestras, considérase que o emprego de mecanismos máis modernos e eficientes permitirá, como mínimo, reducir cada ano o uso de enerxía nun 35%, co conseguinte aforro económico para as familias.

O Plan de vivenda cumpre a súa terceira edición e a previsión é que para este ano conte cun orzamento total de 8,7 millóns de euros, un 10% máis que en 2016. Consta de dous campos de actuación: o uso de fontes de enerxía renovables a través do impulso da xeotermia, a solar térmica e aerotermia e a biomasa; e a mellora das infraestruturas para que os galegos dispoñan de construcións máis eficientes, ademais do Plan Renove de ascensores, inclúese neste punto a renovación de fiestras, o acondicionamento de cubertas con tella ou lousa e a rehabilitación de fachadas con granito.

O SEGUNDO ACELERADOR LINEAL DO SERVIZO DE RADIOTERAPIA DO HULA TRATOU UNHA MEDIA DE DOCE PACIENTES DIARIOS NA SÚA PRIMEIRA SEMANA DE FUNCIONAMENTO

- *Permitirá tratar contra o cancro a todos os pacientes da provincia e evitará 11.000 desprazamentos de pacientes nun ano*
- *O número de sesións totais de tratamento completadas ascende a 5.696 (desde a entrada en funcionamento do primeiro acelerador e agora con este segundo equipo)*
- *A nova tecnoloxía que se pon en marcha no HULA permitirá ofrecer cos tratamentos máis punteiros de radioterapia para o tratamento do cancro mellorando a ratio de atención*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou dos datos da primeira semana de actividade do segundo acelerador lineal do Servizo de Radioterapia do HULA. Coa posta en marcha deste equipo, o servizo está xa completo en canto á dotación e en disposición de asumir todos os pacientes oncolóxicos da provincia de Lugo, incluídos os da área sanitaria de Cervo. Con isto, mellórase a accesibilidade ás altas prestacións sanitarias, aumentando o confort e a calidade asistencial que se lles presta a estes usuarios que teñen que realizar visitas secuenciais para recibir tratamento.

Desde a entrada en funcionamento do primeiro acelerador, e agora desde o 6 de febreiro con este segundo equipo, o número de sesións totais de tratamento completadas ascende a 5.696 (que, multiplicados por dous (viaxe de ida e volta), se corresponden con 11.392 desprazamentos evitados). Cos dous aceleradores en marcha, atenderanse máis de 830 pacientes ao ano.

Oncoloxía radioterápica en Galicia

Coa posta en marcha deste segundo acelerador en Lugo, a nova ordenación da oncoloxía radioterápica en Galicia supón a existencia de seis servizos especializados e un ratio de 5,5 aceleradores lineais por millón de habitantes, en consonancia coas recomendacións da Organización Mundial da Saúde (recomendación de: 5 AL/mill. hab.) e a Sociedade Española de Oncoloxía Radioterápica (recomendación de 6 AL/mill. hab.).

Ata marzo do ano 2016 (hai un ano), a poboación da provincia de Lugo tiña como referencia o Centro Oncolóxico de Galicia na Coruña, e debía desprazarse a esta cidade para recibir o seu tratamento.

Os servizos de oncoloxía radioterápica en Galicia ata marzo de 2016, eran área norte (Centro Oncolóxico de Galicia, na Coruña); no centro (Hospital Clínico Universitario de

Santiago de Compostela); e no sur (Hospital do Meixoeiro, Hospital Povisa de Vigo e no Hospital Nosa Señora do Cristal da Estrutura Organizativa de Xestión integrada de Ourense). A ordenación de recursos supoñía a unha ratio de 4,8 de aceleradores lineais por millón de habitantes na Comunidade Autónoma.

Servizo de Radioterapia do HULA

Os aceleradores lineais do Hospital Lucus Augusti son de última xeración, máis precisos e aumentan a probabilidade de éxito dos tratamentos, o que supón unha mellora substancial para os pacientes. Incorporan dúas unidades novas de tratamento de radioterapia oncolóxica de altas prestacións como son a radioterapia intensidade modulada (IMRT) e a radioterapia guiada por imaxe (IGRT).

A intensidade modulada (IMRT) é unha modalidade técnica que adapta a radiación á forma e situación do tumor, que permite concentrar de forma moi precisa a dose no tumor canceroso e minimiza os efectos nos tecidos sans. É especialmente útil para os tumores que presentan concavidades ou que se encontran adxacentes a órganos críticos.

A Radioterapia Guiada por Imaxe (IGRT) é unha técnica avanzada que axuda a delimitar con extrema precisión a zona de tratamento, diminuindo ao mínimo as secuelas; equipado con tecnoloxía especial para imaxes, fai posible tratar órganos en movemento (como o fígado ou pulmón), coa mesma precisión que tratamos órganos ou tecidos estáticos.

A Área de Oncoloxía Radioterápica do HULA ocupa unha superficie de máis de 1.700 metros cadrados, nos cales se inclúen os dous búnkeres, así como as salas de consultas, sala cun TAC para uso exclusivo deste servizo, as salas de espera e a zona de citación, entre outros espazos.

O Servizo de Radioterapia do HULA está atendido por tres facultativos especialistas en radioterapia e por facultativos especialistas en radiofísica, así como con diplomados universitarios de enfermería, técnicos especialistas en radiodiagnóstico e técnicos superiores en radioterapia, ademais de persoal doutras categorías complementarias necesarias para desenvolver as súas funcións nestes servizos (enfermaría, celadores...).

MÁIS DE 1.400 MOZOS E MOZAS GALEGOS PARTICIPARON EN 2016 A TRAVÉS DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE NO PROGRAMA ERASMUS +

- *Aprobáronse un total de 42 proxectos promovidos por entidades, asociacións xuvenís e grupos informais de rapaces e rapazas, a través dun orzamento de preto de 730.000 euros*
- *Galicia é unha das comunidades autónomas máis activas tanto no número de proxectos presentados e aprobados como nos fondos recibidos da Unión Europea*

A Consellería de Política Social presentou no Consello da Xunta celebrado esta mañá un informe sobre os resultados do programa Erasmus+ de mobilidade da Unión Europea para a educación, a formación, a xuventude e o deporte. Froito desta iniciativa, no 2016 un total de 1.410 mozos e mozas galegos participaron desta experiencia baseada na aprendizaxe non formal e o diálogo intercultural dentro e fóra dos límites da Unión Europea.

Segundo os datos de participación no programa Erasmus+: Xuventude en acción, Galicia é unha das comunidades autónomas máis activas tanto no número de proxectos presentados e aprobados como nos fondos recibidos da Unión Europea. Deste xeito, no ano 2016, aprobáronse un total de 42 proxectos promovidos por entidades, asociacións xuvenís e grupos informais de rapaces e rapazas, a través dun orzamento que ascende a 729.914 euros, unha cifra que supón o 6,84% do investimento total do programa Erasmus a nivel estatal, pese a que a poboación xuvenil de Galicia representa só un 5,3% do total español.

Erasmus+ ten entre os seus obxectivos específicos mellorar o nivel de aptitudes e competencias dos mozos e mozas, promover a participación na vida democrática en Europa e no mercado de traballo, o diálogo intercultural, a inclusión social e a solidariedade, entre outros.

A mobilidade non é un fin en si mesma. Desde a Xunta de Galicia enténdese como a adquisición de novas capacidades nun contorno cultural e social novo, tanto a través da formación académica como das prácticas profesionais, os intercambios e mesmo os propios procesos de educación non formal que leva parellos a participación nestes programas.

As iniciativas de mobilidade teñen como finalidade mellorar a formación da mocidade galega, ampliando o currículo laboral a través dunha experiencia internacional. Así mesmo, complementan as ensinanzas académicas e poder marcar a diferenza entre dous currículos universitarios iguais. Os programas de mobilidade tamén supoñen un incremento da responsabilidade e da autonomía. Lonxe do contorno habitual, non hai

acceso inmediato a todos os recursos que se manexan no ámbito social ou familiar de procedencia, polo que hai que esforzarse para buscar novas solucións.

A Comisión Europea reconece a experiencia e os coñecementos adquiridos a través da educación non formal durante o desenvolvemento dos proxectos financiados por Erasmus+: Xuventude en acción mediante o certificado *Youthpass*. Así mesmo, a Xunta de Galicia expide o certificado de educación non formal en materia de xuventude aos participantes, a través do cal se lle dá visibilidade á aprendizaxe non formal adquirida e se validan as competencias asumidas, contribuíndo así á mellora das posibilidades de emprego da mocidade galega.

Erasmus + 2017

O programa está en vigor desde o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2020. Con respecto á convocatoria do presente ano, o pasado 2 de febreiro rematou o prazo da primeira quenda para a presentación de proxectos de Erasmus+: Xuventude en acción. Unha vez recibidos os proxectos achegados polas entidades e grupos informais de mozos e mozas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, ao longo da primeira quincena do mes de marzo, a Consellería de Política Social procederá á avaliación dos proxectos presentados e á remisión dos informes de avaliación á Axencia Nacional do Programa Erasmus+: Xuventude en Acción.

Os vindeiros prazos para a presentación de proxectos son o 26 de abril e o 4 de outubro.

OS PORTOS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA INCREMENTARON O VOLUME DE TRÁFICO DE MERCADORÍAS NUN 6% NO ANO 2016

- *A cifra total de carga e descarga de mercadorías durante o exercicio foi de 1,7 millóns de toneladas*
- *Os portos con maior actividade foron Cariño, Ribadeo e Brens-Cee, mentres que Viveiro-Celeiro experimentou a maior suba porcentual*
- *A descarga de tónidos conxelados mantén a tendencia á alza nos peiraos da Pobra do Caramiñal e Ribeira*
- *Co obxectivo de captar e consolidar os tráxicos comerciais, a Consellería do Mar realizou desde 2009 un investimento global de 140,6 millóns de euros nas infraestruturas portuarias*

Os 122 portos de titularidade autonómica rexistraron entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016 o movemento dun total de 1.700.000 toneladas de mercadorías, un 6% máis que no ano 2015, é dicir, 100.000 toneladas máis. Así o reflicte o informe anual de tráxicos do ente Portos de Galicia, dependente da Consellería do Mar, analizado esta mañá no Consello da Xunta.

Os movementos de mercadorías máis importantes corresponderon respectivamente aos portos de Cariño, con 525.520 toneladas; Ribadeo, con 487.370 toneladas, e o de Brens (Cee), con 345.222 toneladas. O informe destaca tamén en termos proporcionais o incremento acadado no porto de Celeiro-Viveiro, que rexistrou ao longo do pasado exercicio un movemento de 161.710 toneladas de mercadorías, un 40% máis que o ano anterior, sendo fundamentalmente un porto pesqueiro non comercial.

En canto ás principais mercadorías descargadas, destaca o mineral de ferro sen aglomerar no porto de Cariño, no cal se moveron máis de 500.000 toneladas desta mercadoría. Tamén a pasta de madeira en Ribadeo, con 393.000 toneladas; o coque e o manganeso no porto de Brens-Cee, con 122.000 e 108.000 toneladas respectivamente; e o cuarzo en Viveiro, con máis de 161.700 toneladas.

Tamén resulta destacable a actividade de descarga de tónidos conxelados que continúan coa súa tendencia ascendente, fundamentalmente no porto da Pobra do Caramiñal coa descarga de 120.000 toneladas, un 7% por cento máis que no exercicio anterior. Súmase así mesmo o porto de Ribeira, con 37.000 toneladas de atún conxelado descargadas en 2016, un 23% por cento máis que en 2015.

En relación coa descarga de pesca fresca, nos peiraos dependentes da Xunta de Galicia descargáronse no ano pasado 108.000 toneladas de peixe, un 1% máis que en 2015. Esta cifra supuxo un importe total da venda en lonxa de máis de 290 millóns de euros, un 8% máis que no ano anterior. Os peiraos con maior volume de descarga de

pesca fresca foron: Burela, con 77.000 toneladas; Celeiro-Viveiro, con 53.000 toneladas, e Ribeira, con 43.000 toneladas.

Estas cifras de movemento de tráfico son proba dunha crecente actividade económica rexistrada nos peiraos de titularidade autonómica que actúan como motor de xeración de riqueza e emprego, tanto para a carga e descarga de peixe e mercadorías, como para o desenvolvemento de actividade náutico- recreativa e deportiva.

Investimento focalizado

A rendibilidade e a máxima explotación económica dos portos comerciais é unha das liñas de traballo estratéxicas de Portos de Galicia. Así, o informe lembra que, co obxectivo de captar e consolidar os tráfico comerciais, a Consellería do Mar realizou desde 2009 un investimento global de 140,6 millóns de euros nestas infraestruturas. Neste marco, Portos de Galicia planificou os seus investimentos e deu prioridade a obras que resultaban clave para este fin.

Dentro das actuacións desenvolvidas nesta liña, o informe destaca as realizadas en portos clave na actividade comercial como a ampliación da capacidade dos peiraos de Brens (Cee) e de Ribadeo, que se situaron entre as tres primeiras posicións en canto a cifras globais de movemento de mercadorías durante os últimos catro exercicios, incluído o 2016.